

ÍNDICE

SÉMATA, *Ciencias Sociais e Humanidades*

Vol. 30 (2018)

INTRODUCCIÓN	9
EDUARDO CORBELLE RICO; MARCO V. GARCÍA QUINTELA; MARÍA LOUREIRO GARCÍA <i>Bioeconomía, Emprendemento e Territorio</i>	

1. Territorio e comunidade

RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ, LUCREZIA LOPEZ, M ^a ÁNGELES PIÑEIRO ANTELO <i>Análise territorial no xiro espacial do coñecemento</i>	15
---	----

SAMUEL NIÓN ÁLVAREZ, JORGE M. BLANCO BALLÓN, MANUEL GIMÉNEZ SOLLA, JUAN CASTRO ÍNSUA, MANUEL CANDAL SEIJAS <i>Metodoloxía para a integración dos servizos ecosistémicos dos montes veciñais en espazos naturais no seu plan de ordenación e Xestión</i>	39
---	----

FERNANDO MINGOTE RODRÍGUEZ, PLÁCIDO LIZANCOS MORA <i>Contribucións para o estudo da rede de igrexarios como base dunha organización territorial sustentable</i>	59
--	----

DAMIÁN COPENA RODRÍGUEZ <i>Montes Veciñais en Man Común e Baldios: Unha análise comparativa das propiedades comunitarias de Galicia e Portugal</i>	85
---	----

JOANA D'ARC DE OLIVEIRA, MARIA ANGELA P. C. S. BORTOLUCCI <i>Territórios negros urbanos em São Carlos- SP (Brasil) no Pós-abolição</i>	105
---	-----

2. O camiño entre o rural e o urbano

ROCÍO TOXO ASOREI, ANA ISABEL GARCÍA ARIAS <i>Caracterización das migracións no rural galego do século XXI</i>	123
---	-----

MELCHOR FERNÁNDEZ, DOLORES RIVEIRO <i>A exclusión territorial como unha forma de manifestación dos procesos de exclusión social</i>	145
--	-----

XOÁN CARLOS CARREIRA PÉREZ, EMILIO V. CARRAL VILARIÑO <i>Balace produción-consumo de alimentos na Galiza: aproximación dende a soberanía alimentar e a comercialización local</i>	167
JUAN SORIANO-BAEZA, RAIMUNDO OTERO-ENRÍQUEZ, ESTEFANÍA CALO <i>Marcos temáticos y multifuncionalidades de los huertos comunitarios en el área urbana de A Coruña (Galicia): un estudio de caso</i>	191
ROCÍO TOXO ASOREI, INÊS GUSMAN <i>O posicionamento territorial a partir dos Itinerarios Culturais: o caso de Arzúa nos camiños de Santiago</i>	213
CARLOS PAZOS-JUSTO, MARISA DEL RÍO, ROBERTO SAMARTIM <i>Reinventio e unanimidade. Impacto das políticas culturais e turísticas na Comunidade local de Santiago de Compostela</i>	233

3. Ruralidades plurais

LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO, XAVIER SIMÓN, FRAN QUIROGA <i>Repensar a innovación no rural a través das Experiencias Productivas Innovadoras ...</i>	257
MARIA PAOLA PASINI, RICCARDO SEMERARO <i>Casto, il paese del sole. Tradizione, energie rinnovabili e sostenibilità in un paese di montagna nel nord Italia</i>	271
DAVID PEÓN POSE, XOSE MANUEL MARTÍNEZ FILGUEIRA <i>O financiamento das pequenas empresas e o desequilibrio territorial rural-urbano ...</i>	293
EDUARDO RICO BOQUETE <i>Las ayudas públicas a la reforestación privada en Galicia, 1952-1992</i>	319
MANUEL ÁNGEL PAZOS LAMOSO, XOSÉ MANUEL PALMEIRO RAMOS, DIEGO CONDE GÓMEZ <i>Del minifundio al megaincendio. Transiciones, rupturas y nuevos retos cara a un desarrollo sostenible en el medio rural gallego</i>	339
THAIS HELENA TEIXEIRA, DIEGO CAMELO MOREIRA, NATHÁLIA THAÍS COSMO DA SILVA <i>Territórios, populações tradicionais e conflito: a realidade da reserva extrativista extremo norte do Tocantins, Brasil</i>	359

4. Patrimonio e territorio

Laura Luque Rodrigo <i>La ciudad contemporánea: problemas y tendencias. Perspectivas institucionales, sociales y artísticas</i>	377
--	-----

VICTORIA QUIROSA GARCÍA <i>La gestión patrimonial desde la periferia: el arte contemporáneo como regenerador del espacio rural</i>	399
M ^a SOLEDAD ÁLVAREZ MARTÍNEZ, CARMEN BERMEJO LORENZO, JUAN SEVILLA ÁLVAREZ <i>Nuevos espacios para la cultura. Estrategias, equipamientos e impacto en la ciudad postindustrial y portuaria de Gijón</i>	421
RAQUEL BELLO VAZQUEZ, MAICON CAMARGO, MARINA EGGRES <i>O público leitor como comunidade de interesse e ponto de partida para novas estratégias de letramento e promoção da leitura</i>	441
DAVID ESPINOSA ESPINOSA, MIGUEL CARRERO PAZOS <i>Tecnologías digitales para la documentación, investigación y difusión del patrimonio histórico y cultural gallego: Contribuciones desde Epigraphica 3.0</i>	461
DAVID BARREIRO, FELIPE CRIADO-BOADO, VIRTUDES TÉLLEZ, CRISTINA SÁNCHEZ-CARRETERO, EVA PARGA-DANS, RAQUEL SÁNCHEZ-MARTÍN <i>Las tres vidas de Altamira y el futuro</i>	479

CONTENTS

SÉMATA, *Ciencias Sociais e Humanidades*

Vol. 30 (2018)

INTRODUCTION	9
EDUARDO CORBELLE RICO; MARCO V. GARCÍA QUINTELA; MARÍA LOUREIRO GARCÍA <i>Bioeconomy, Undertaking and Territory</i>	

1. Territory and community

RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ, LUCREZIA LOPEZ, M ^a ÁNGELES PIÑEIRO ANTELO <i>Territorial analysis in the spatial turn of knowledge</i>	15
SAMUEL NIÓN ÁLVAREZ, JORGE M. BLANCO BALLÓN, MANUEL GIMÉNEZ SOLLA, JUAN CASTRO ÍNSUA, MANUEL CANDAL SEIJAS <i>Methodology for integration and management of ecosystem services of commons in natural spaces: an approach from archaeology and cultural heritage</i>	39
FERNANDO MINGOTE RODRÍGUEZ, PLÁCIDO LIZANCOS MORA <i>Contributions to the study of the “churchyards” network as a basis for sustainable territorial planning</i>	59
DAMIÁN COPENA RODRÍGUEZ <i>Montes Veciñais en Man Común and Baldios: A comparative analysis of commons in Galicia and Portugal</i>	85
JOANA D’ARC DE OLIVEIRA, MARIA ANGELA P. C. S. BORTOLUCCI <i>Urban Black Territories in São Carlos-SP (Brazil) in Post-abolition</i>	105

2. The path between rural and urban

ROCÍO TOXO ASOREI, ANA ISABEL GARCÍA ARIAS <i>Migrations in rural Galicia at the beginning of the XXI century</i>	123
MELCHOR FERNÁNDEZ, DOLORES RIVEIRO <i>Territorial exclusion as an expression of social exclusion</i>	145

XOÁN CARLOS CARREIRA PÉREZ, EMILIO V. CARRAL VILARIÑO <i>Galician food production/consumption balance: an approximation from the point of view of food sovereignty and local commerce</i>	167
JUAN SORIANO-BAEZA, RAIMUNDO OTERO-ENRÍQUEZ, ESTEFANÍA CALO <i>Thematic frameworks and multifunctionalities of community gardens in the urban area of A Coruña (Galicia): A case study</i>	191
ROCÍO TOXO ASOREI, INÊS GUSMAN <i>Territorial positioning through Cultural Routes: the case of Arzúa in the Saint James Way</i>	213
CARLOS PAZOS-JUSTO, MARISA DEL RÍO, ROBERTO SAMARTIM <i>Reinventio and unanimity. Impact of cultural and tourism policies on the local Community of Santiago de Compostela</i>	233

3. Plural ruralities

LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO, XAVIER SIMÓN, FRAN QUIROGA <i>Rethinking innovation in rural areas through Innovative Productive Experiences</i>	257
MARIA PAOLA PASINI, RICCARDO SEMERARO <i>Casto, the sunny village: Tradition, renewable energy and sustainability in a Northern Italian mountain village</i>	271
DAVID PEÓN POSE, XOSE MANUEL MARTÍNEZ FILGUEIRA <i>The financing of small enterprises and the rural-urban imbalance: the case of the province of A Coruña</i>	293
EDUARDO RICO BOQUETE <i>Public aid for private reforestation in Galicia, 1952-1992</i>	319
MANUEL ÁNGEL PAZOS LAMOSO, XOSÉ MANUEL PALMEIRO RAMOS, DIEGO CONDE GÓMEZ <i>From the small-holding to the mega-fire. Transitions, ruptures and new challenges for sustainable development in Galician rural areas</i>	339
THAIS HELENA TEIXEIRA, DIEGO CAMELO MOREIRA, NATHÁLIA THAÍS COSMO DA SILVA <i>Territories, traditional populations and conflict: the reality of the Extractive Reserve of the Extremo Norte of Tocantins, Brazil</i>	359

4. Heritage and territory

Laura Luque Rodrigo <i>The contemporary city: problems and trends. Institutional, social and artistic perspectives</i>	377
---	-----

VICTORIA QUIROSA GARCÍA <i>Patrimonial management in the periphery; contemporary art regenerating the rural fringe</i>	399
M ^a SOLEDAD ÁLVAREZ MARTÍNEZ, CARMEN BERMEJO LORENZO, JUAN SEVILLA ÁLVAREZ <i>New spaces for culture. Strategies, amenities and impact in the postindustrial and port city of Gijón</i>	421
RAQUEL BELLO VAZQUEZ, MAICON CAMARGO, MARINA EGGRES <i>Readers as stakeholders and starting point for new literacy and reading promotion strategies</i>	441
DAVID ESPINOSA ESPINOSA, MIGUEL CARRERO PAZOS <i>Digital Technologies for the Study, Dissemination and Preservation of the Galician Historical and Cultural Heritage: Contributions from Epigraphica 3.0 Project</i>	461
DAVID BARREIRO, FELIPE CRIADO-BOADO, VIRTUDES TÉLLEZ, CRISTINA SÁNCHEZ-CARRETERO, EVA PARGA-DANS, RAQUEL SÁNCHEZ-MARTÍN <i>The three lifes of Altamira and the future</i>	479

INTRODUCCIÓN

EDUARDO CORBELLE RICO

Universidade de Santiago de Compostela
[ORCID 0000-0002-2382-6767](https://orcid.org/0000-0002-2382-6767)
eduardo.corbelle@usc.es

MARCO V. GACÍA QUINTELA

Universidade de Santiago de Compostela
[ORCID 0000-0001-7211-374X](https://orcid.org/0000-0001-7211-374X)
marco.garcia.quintela@usc.es

MARÍA LOUEIRO GARCÍA

Universidade de Santiago de Compostela
[orcid 0000-0002-7082-3980](https://orcid.org/0000-0002-7082-3980)
maria.loureiro@usc.es

O territorio como interface entre ámbitos de investigación

Este volume de *Sémata* que presentamos ten a súa orixe na dinámica de traballo conxunto desenvolvida polos grupos de investigación das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela que se reuniron baixo o paraugas (polo momento, informal) de BETA+ entre os anos 2015-2018. BETA significa BIOECONOMÍA, EMPRENDEMENTO E TERRITORIO e +, o que se queira engadir arredor desas ideas básicas que se solapan e completan nun todo maior ao das súas partes. A idea de fondo consiste en articular un proxecto científico que encaixe nun marco institucional que actualmente está en proceso de formación, o que non é sinxelo nin evidente pois o coñecemento e a Administración non transcorren necesariamente polos mesmos camiños, por moito que ocorran múltiples contactos e interferencias entre un e outra.

Neste lugar procede explicar o proxecto científico da agrupación, que consiste, en definitiva, en aglutinar capacidades de grupos de investigación que poden parecer moi dispares sobre o papel. Intégranse en BETA+ grupos de humanidades onde se investigan desde as cuestións máis tradicionais do pensamento humanístico (as ideas políticas de Cicerón ou a expresión plástica do barroco), ata enfoques innovadores como a observación participante para comprender a articulación lingua-sociedade na Galicia actual. Tamén forman parte da agrupación grupos de ciencias sociais que estudan desde o problema do envellecemento, que non se entende sen considerar a súa profundidade histórica, ata o custo económico de facer ou non facer nada para acadar un determinado modelo territorial. Mentres, os enxeñeiros aportan un saber facer multiúsos sobre o territorio, son a navalla suíza de BETA+, con aplicacións que de forma autónoma ou en

combinación coas restantes disciplinas aportan a dimensión pragmática, de intervención, de transformar o coñecemento en acción.

Comencemos pois definindo que é a Bioeconomía. Segundo a FAO (2018), “a bioeconomía pode definirse como a produción baseada no coñecemento e na utilización de recursos biolóxicos, procesos e métodos biolóxicos para proporcionar bens e servizos de forma sostible en todos os sectores económicos”. Dito noutras palabras e, segundo os obxectivos da *Estrategia Española para la Bioeconomía* (Ministerio de Economía y Competitividad, 2015), é a resposta a problemas ambientais claves que están azoutando o mundo no que vivimos. Un proceso de crecemento bioeconómico implica a redución da dependencia dos recursos, promovendo mentres tanto a produción sostible nos recursos terrestres, mariños e forestais, a vez que xera traballos en industrias próximas e sostén o territorio na súa integridade. Podería dicirse por tanto que o territorio é o eixo do proxecto científico de BETA+. *Territorio* enténdese aquí como o continente xeográfico de actuación, xunto co seu contido: recursos naturais, patrimoniais, históricos, e recursos humanos (medidos de forma ampla). O territorio é, en definitiva, o piar principal da agrupación por dúas razóns distintas e complementarias.

En primeiro lugar, porque é un ámbito de coñecemento sen patróns académicos e disciplinares coñecidos. “Non é certo”, poderase dicir, “é dos xeógrafos”. Non hai ningún xeógrafo tan inxenuo como para pensar que a súa disciplina ten a exclusiva do coñecemento sobre o territorio (Lacoste 2018). Economistas, arquitectos, arqueólogos, historiadores da arte, enxeñeiros de todo tipo, xeólogos, edafólogos, climatólogos, biólogos, botánicos, zoólogos, veterinarios, historiadores... É preciso seguir? Todos teñen unha parte do seu sector de coñecemento que ten implicacións sobre o territorio. Desde o lugar onde se produce un estudo de caso, dunha intervención particular feita desde calquera deses ámbitos disciplinares, ata o deseño de comprensións máis complexas sobre áreas máis amplas e a súa transformación no tempo.

En segundo lugar, porque o territorial é un dos maiores problemas da Galicia actual. Un problema que ten a súa expresión máis rechamante, quizais, no despoboamento e envellecemento das áreas de interior (algo que comparte, por certo, coa maior parte do interior Ibérico; Collantes Gutiérrez e Pinilla Navarro 2011), ao que se asocian un número significativo de problemas, incluíndoo fenómeno dos incendios forestais (que comparte co norte de Portugal; Oliveira et al. 2017). Expresións salientables e, polo tanto, presentes con asiduidade nos medios de comunicación de masas. Pero, no fondo, pezas individuais dun quebracabezas, en última instancia relacionadas coa transformación do sistema agrario preexistente e a (hiper-?)especialización produtiva en dúas grandes vertentes: leite e madeira destinada a utilizacións de baixo valor engadido. Desde o punto de vista territorial, a especialización produtiva foi en paralelo á especialización espacial, distribuída en tres chanzos altitudinais bastante claros (Corbelle Rico e Crecente Maseda 2014; Corbelle Rico e Tubío Sánchez 2018): un chanzo costeiro dominado pola produción de eucalipto, un intermedio dominado pola gandería de leite (pero no que as plantacións de eucalipto avanza a bo ritmo), e un chanzo final formado polas áreas de

montaña, no que apenas persiste actividade produtiva e que acusa problemas ambientais e sociais considerables.

Neste ámbito, a conxunción de coñecementos reunidos en BETA+ aporta unha idea moi básica. Esta situación é recente, moi recente. De onte, en termos de coñecemento histórico. O interior de Galicia foi a parte máis dinámica durante longos períodos do proceso histórico. Pero non se trata de ser inxenuos. Non pretendemos desmontar desde o coñecemento histórico profundas dinámicas sociais e económicas contemporáneas. Trátase de propoñer unha idea moito máis sinxela e complicada ao mesmo tempo, trátase de dicir que outro mundo é posible. Non desde ningunha óptica mesiánica senón, simplemente, desde o coñecemento de que as cousas non foron sempre así e é lexítimo, polo tanto, pensalas doutra forma.

A emerxencia do mundo dixital (ao que quizais deberíamos ir deixando de chamar *novas tecnoloxías*) disparou as posibilidades de análise. Todo obxecto de investigación tivo sempre unha localización asociada (ou varias) e non hai nada esencialmente innovador, *per se*, na análise desa localización (desde logo, non desde a análise de John Snow ao estudar os brotes de cólera no Londres decimonónico). O que cambiou recentemente é a dispoñibilidade de información en formato dixital e as capacidades para analizar de maneira rápida e masiva esa información. Pasado o inevitable período de alfabetización, o uso das tecnoloxías dixitais da información espacial (de entre as cales probablemente a máis coñecida sexan os *sistemas de información xeográfica*) deixou de ser patrimonio exclusivo dunha minoría especializada. A dispoñibilidade crecente de bases de datos en formato dixital con algún tipo de referencia espacial ten a súa correspondencia na proliferación de ferramentas de análise (moitas delas desde o ámbito das aplicacións *libres*) que se ofrecen a audiencias cada vez máis amplas. Por suposto, a diversa procedencia académica dos usuarios supón unha grande variedade de fundamentos teóricos e aproximacións prácticas, e fai necesario (ou cando menos recomendable) compartir experiencias e capacidades para aprender colectivamente. Este número de *Semata* pretende, tamén en parte, conseguir este obxectivo. Así pois, o eixe de BETA+ é sumar á evidencia epistemolóxica de que o territorio carece de donos académicos a evidencia social e económica radicalmente actual de que o problema do territorio é o principal problema de Galicia.

Desenvolvemento social e desenvolvemento económico

Nos últimos anos parecen terse manifestado claramente os postulados do economista Paul Krugman con respecto á comercialización e desenvolvemento económico desigual dos países. Ata o momento en que este economista foi recoñecido co Premio Nobel de Economía (ano 2008), sostíñase que o comercio internacional e a localización das actividades produtivas explicábanse basicamente polas vantaxes comparativas dos países. De maneira simple, isto implicaría que un país exportaría os produtos para os cales ten insumos abundantes (recursos naturais, por exemplo). Sen embargo, Krugman constatou

que a realidade era outra: que países intensivos en capital intercambiaban produtos igualmente intensivos en capital entre eles (coches, roupa...).

Krugman, como propulsor da Nova Xeografía Económica sostén que parte do comercio internacional, especialmente o comercio entre países parecidos (por exemplo con abundancia de capital), ven explicado pola existencia da competencia imperfecta e de economías de escala crecentes. A competencia imperfecta, como a competencia monopolística, implica que estes países producen produtos semellantes pero diferenciados (non homoxéneos). As economías de escala supoñen un menor custo unitario de produción (unha produción máis eficiente) cando se fai en grandes volumes. Deste xeito, as empresas que producen produtos semellantes en diferentes países compiten entre elas, e as economías de escala teñen levado á concentración e especialización de determinadas actividades produtivas en determinados lugares (*polos produtivos*), mentres que amplas zonas do globo sofren serios problemas de despoboamento e abandono, que as fai aínda menos atractivas para novos investimentos. Por tanto, o comercio aínda que beneficio en conxunto, xera amplas desigualdades.

Neste contexto, son precisamente nos últimos anos estas zonas menos favorecidas por investimentos, as que se están a converterse en lugares que renacen económica e culturalmente, pois teñen amplas vantaxes na súa calidade ambiental e na abundancia dos seus recursos, ademais de que as novas tecnoloxías, xa mencionadas, tamén decrecen os custos de transacción da localización industrial e de servizos nestas zonas por agora pouco atractivas para o investimento. Ao amparo de modelos sostibles bioeconómicos e nun contexto de cambio climático e transformacións sociais significativas, as zonas anteriormente esquecidas, pasan agora a ser especialmente relevantes nos debates actuais en prol de modelos de economía sostibles. É por elo, que este cambio de tendencia fai que zonas esquecidas se transformen nun nicho de recursos extraordinariamente valiosos cara ao futuro.

Presentación dos traballos contidos no volume

O conxunto de traballos contidos neste volume presenta unha escolma de temas diversos pero unidos por dúas compoñentes comúns: a dimensión social e a compoñente territorial.

Un dos eixos principais deste volume é a relación entre a política cultural e a vertebración social dos territorios, tanto no ámbito urbano como no rural. Así, algúns dos traballos presentados documentan casos de éxito na recuperación do tecido social e económico ao abeiro de diferentes políticas culturais (QUIROGA; TOXO e GUSMÁN; PAZOS JUSTO *et al.*; ÁLVAREZ-MARTÍNEZ *et al.*). Pero non sempre o resultado ten por que ser un éxito automático, e o texto de LUQUE, por exemplo, serve de advertencia dos límites ao papel que a política cultural pode xogar na rexeneración do espazo urbano, particularmente cando serve máis como unha pantalla da política de infraestruturas e grandes obras que como unha política cultural participativa e construída colectivamente.

Utilizar o patrimonio cultural como motor do desenvolvemento, por outra parte, obriga a pensar en novas fórmulas e modelos de conservación, dado que os modelos convencionais

poden non responder adecuadamente á necesidade de compatibilizar conservación e uso público. O texto de BARREIRO *et al.* presenta, neste sentido, o exemplo do caso de Altamira. Definir a política cultural como motor do desenvolvemento e a recuperación de ámbitos (rurais ou urbanos) marxinalizados non é tarefa fácil, e existe o risco de xerar unha fractura entre as preferencias culturais da sociedade e as da política pública, como evidencia o texto de BELLO no caso da política de promoción da lectura, ou o traballo de OLIVEIRA *et al.* sobre o patrimonio cultural da poboación negra, ambos en Brasil.

Pero non é este o único obstáculo a superar neste ámbito: a utilización de tecnoloxías dixitais pode facilitar as tarefas de identificación, catalogación e clasificación de recursos culturais que ata o momento recibiron pouca atención (ESPINOSA *et al.*). E tamén é preciso definir un ámbito territorial adecuado para enmarcar estes esforzos de identificación, catalogación e conservación. MINGOTE *et al.*, por exemplo, propoñen a parroquia como unidade elemental de división do territorio no noroeste Ibérico.

Precisamente, a utilización da parroquia como unidade de análise territorial serve de enlace co segundo grande eixo deste volume: a relación entre os recursos naturais, servizos ecosistémicos e desenvolvemento rural. Varios traballos deste volume centran a súa atención nos procesos de despoboamento que caracterizan ao ámbito rural Ibérico (TOXO e GARCÍA; FERNÁNDEZ *et al.*; PEÓN POSE e MARTÍNEZ FILGUEIRA), establecendo vínculos marxinalización territorial e marxinalización social e as súas consecuencias nos desequilibrios entre o ámbito rural e o urbano.

Se o grupo de traballos citados no primeiro bloque establecía relacións entre desenvolvemento rural e política cultural, non é menos evidente que o acceso aos recursos naturais xoga tamén un papel de primeiro nivel. É sabido que a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico son obxectivos a miúdo conflitivos, pero son menos os traballos que abordan a relación entre a equidade no acceso aos recursos e os seus efectos na conservación (TEIXEIRA *et al.*). Precisamente é no relativo á equidade no acceso aos recursos polo que a figura dos montes veciñais en man común (*baldíos* é a figura equivalente en territorio portugués), polas súas características específicas, supón unha especificidade desta parte do territorio ibérico que merece unha atención especial (COPENA) e probablemente un ámbito de análise especialmente interesante (asociado á figura de parroquia coa que comeza este parágrafo) para a conservación dos recursos culturais e a xestión da provisión de recursos ecosistémicos (NIÓN *et al.*). Terían sido máis, probablemente, se a política forestal do último século non tivera sido esencialmente orientada á produción de madeira de baixo valor, omitindo outros obxectivos económicos, sociais e ambientais posibles (RICO), nun contexto de desagrarización acelerada (Pazos Lamoso *et al.*). En todo caso, o uso de enerxías renovables aparece tamén como unha vía alternativa para o desenvolvemento (PASINI *et al.*). Pero queda espazo para a innovación e a busca de fórmulas novidosas de organización e de produción para dinamizar un tecido rural esmorecido (FERNÁNDEZ PRIETO *et al.*), así como espazo para novas análises e novos enfoques de acción desde a perspectiva da soberanía alimentaria e a produción de alimentos locais (SORIANO *et al.*; CARRAL e CARREIRA).

REFERENCIAS

- Collantes Gutiérrez, F., Pinilla Navarro, V. 2011. *Peaceful surrender. The depopulation of rural Spain in the twentieth century*. Cambridge Scholars Publishing.
- Corbelle Rico, E., Crecente Maseda, R. 2014. Urbanización, forestación y abandono. Cambios recientes en el paisaje de Galicia. *Revista Galega de Economía* 23: 1, pp. 35-52.
- Corbelle Rico, E., Tubío Sánchez, J.M. 2018. Productivismo y abandono: dos caras de la transición forestal en Galicia (España), 1966-2009. *Bosque* 39: 3, pp. 457-467.
- FAO, 2018. “Sustainable Bioeconomy Guidelines”. Disponible en <http://www.fao.org/energy/bioeconomy/en/>
- Ministerio de Economía y Competitividad, 2015. Estrategia Española para la Bioeconomía: Horizonte 2030. Disponible en <http://bioeconomia.agripa.org/download-doc/102163>
- Lacoste, Y. 2018. *Aventures d'un géographe*. Paris: Équateurs
- Oliveira, T.M., Guiomar, N., Oliveira Baptista, F., Pereira, J.M.C., Claro, J. 2017. Is Portugal's forest transition going up in smoke? *Land Use Policy* 66, pp. 214-226.